

Curso académico	2010/2011
------------------------	-----------

Materia		
ORIENTACIÓN OCUPACIONAL 652811306		
Curso	Ciclo	Profesora responsable do programa
3º		NEVES ARZA ARZA
Titulación		
EDUCACIÓN SOCIAL		
Carácter	Duración (A; 1C; 2C)	Idiomas en que se imparte
OBRIGATORIA	1C	GALEGO

A= Anual; 1C= primeiro cuadrimestre; 2C= segundo cuadrimestre

PROGRAMA XERAL DA MATERIA

Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> • Contribuír á profesionalización inicial dos futuros educadores sociais, dotándoos dos coñecementos teóricos e prácticos necesarios para deseñar, aplicar e avaliar accións de orientación ocupacional. • Facilitar a orientación profesional do alumnado. <ul style="list-style-type: none"> ○ Categoriza-las funcións do/a educador/a social no campo da orientación e formación ocupacionais e identifica-las competencias necesarias para o seu desempeño. ○ Comprende-los cambios operados no mercado laboral e na estrutura ocupacional e valorar as súas repercusións na emerxencia de novas necesidades de orientación e formación. ○ Adoptar unha actitude crítica fronte ós acontecementos que provocan novas necesidades de orientación e de formación. ○ Adquirir unha actitude reflexiva, crítica e transformadora ante a problemática da orientación ocupacional, analizando e valorando as súas achegas e as súas limitacións na consecución dun emprego e na promoción da igualdade de oportunidades.

- Comprende-la terminoloxía específica e usala axeitadamente
- Analiza-las bases teóricas da orientación ocupacional e comprender as súas implicacións para a práctica
- Diseñar unha proposta de intervención aplicable o campo profesional do educador social.
- Coñecer, valorar e, no seu caso, consultar recursos para a práctica da orientación ocupacional.
- Identifica-la información que precisan os/as profesionais da orientación ocupacional, coñecer e consultar as fontes onde se pode obter
- Caracteriza-lo desenvolvemento institucional da orientación ocupacional, coñecer e valorar as súas funcións e a súa situación organizativa actual
- Adquirir coñecementos, destrezas e actitudes aplicables a súa futura inserción laboral.
- Consolidar hábitos de traballo cooperativo e potencia-las habilidades e actitudes sociais necesarias no desenvolvemento profesional
- Adquirir actitudes e destrezas de indagación que posibiliten o estudo independente e a formación permanente.

BLOQUE I. DIMENSIÓN CONTEXTUAL DA ORIENTACIÓN OCUPACIONAL

Tema 1. Características do mercado laboral: implicacións para a orientación profesional e ocupacional..

Tema 2. A Formación Profesional: concepto, características e organización

BLOQUE II. DELIMITACIÓN CONCEPTUAL E BASES TEÓRICAS DA ORIENTACIÓN OCUPACIONAL

Tema 3. Orientación Profesional e Orientación Ocupacional: delimitación conceptual.

Tema 4. A inserción laboral: concepto e enfoques explicativos.

Tema 5. Áreas e modelos de intervención

BLOQUE III. A PRÁCTICA DA ORIENTACIÓN OCUPACIONAL

Tema 6. A perspectiva de xénero na orientación ocupacional: propostas de actuación.

Tema 7. Colectivos con dificultades especiais de inserción e intervención orientadora

Tema 8. Desenvolvemento institucional e situación actual da orientación ocupacional

Tema 9. Recursos para a orientación ocupacional

Tema 10. Perfil profesional do orientador laboral e actividade profesional do/a educador/a social no ámbito da inserción laboral.

Metodoloxía Didáctica

A metodoloxía combina a clase maxistral, o traballo individual e grupal do alumnado e as actividades de titoría

O desenvolvemento do programa axústase á distribución do 70% dos créditos a clases presenciais e o 30% restante a titorización (apoio, orientación e seguimento) individual e grupal das actividades académicas dirixidas..

A actividade académica dirixida obrigatoria consiste no deseño dun programa de orientación ocupacional destinado a un dos seguintes colectivos: titulados/as universitarios/as, emigrantes, xoves sen cualificación e mulleres.

As actividades académicas dirixidas voluntarias son as tres seguintes:

- Análise de un programa de orientación que inclua a dimensión de xénero.
- Informe sobre a formación ocupacional en Galicia
- Análise de boas prácticas no ámbito da igualdade de oportunidades no mercado laboral.

Sistema de Avaliación

A cualificación final é resultado das puntuacións obtidas na proba escrita (seis puntos) e na actividade académica dirixida obrigatoria (AAD) (catro puntos). A proba escrita consiste en preguntas cortas e de resolución dun caso práctico e demandan pór en xogo capacidades de síntese, análise, comparación, relación e aplicación práctica dos contidos abordados.

Para poder aprobar é preciso obter un tres no exame e un dous na actividade académica dirixida. O alumnado pode sumar ate dous puntos máis coa realización das actividades académicas dirixidas voluntarias.

Na avaliación da actividade académica dirixida tense en conta a asistencia as clases prácticas que se determinen, a calidade dos distintos apartados do programa elaborado, as observacións recollidas no proceso de titorización e a presentación do programa na aula.

Recursos

Bibliografía básica:

- Echeverría Samames, B. (2008). *Orientación profesional*. Barcelona: Editorial UOC
- Montané, J. (1993). *Orientación Ocupacional*. Barcelona: Ceac
- Rodríguez Moreno, M. L. (2006). *Evaluación, balance y formación de competencias transversales. Propuestas para mejorar la calidad en la formación profesional y en el mundo del trabajo*. Barcelona: Laertes.

Sistema de Avaliación

- Sánchez García, M. F(2004) *Orientación laboral. Para la diversidad y el cambio*. Madrid: Sanz y Torres
- Sebastián Ramos, A. (Coord.) (2003). *Orientación Profesional. Un proceso a lo largo de la vida*. Madrid: Dykinson
- Sebastián, A. e Sánchez, M.F. (2000). *El mercado de trabajo y el acceso al mundo laboral. Una perspectiva desde la orientación profesional*. Barcelona: Editorial Estel.
- Sobrado, L. (2000) (edit). *Orientación profesional: diagnóstico e inserción sociolaboral*. Barcelona: Editorial Estel.
- Sobrado, L. (edit) (2004). *Evaluación y orientación de competencias y cualificaciones profesionales*. Barcelona: Editorial Estel.
- Sobrado, L e Cortés, A. (2009). *Orientación Profesional. Nuevos escenarios y perspectivas*. Madrid: Biblioteca Nueva.

Bibliografía complementaria:

- Alberici, A. e Serreri, P. (2005). *Competencias y formación en la edad adulta. El balance de competencias*. Barcelona: Editorial Laertes
- Amador, M. (1993). Programa de orientación de la motivación académico-ocupacional. Barcelona: PPU
- Caballero, L. e outros (1997). *Orienta*. Sevilla: Consejería de Trabajo e Industria de la Junta de Andalucía.
- Cabero, J. (dir) (2000). *Formate para orientar. CD- ROM*
- Filella, G.(1998). *L'orientació ocupacional en els centres penitenciaris*. Lleida: Pagès Editors.
- Frago, E; Jover, D.; López, V.M. e Mora, G. (2002).*El empleo de los inempleables. Metodologías y recursos para la inserción laboral*. Madrid: Editorial Popular
- Galbraith J.K. e Berner, M. (Editores) (2003). *Desigualdad y cambio industrial. Una perspectiva global*. Madrid: Akal.
- Guerrero, A. Acosta, E. Taborda. (1999). *Competencias claves para la orientación ocupacional*. Madrid: Ediciones GPS
- Jato, E. e Iglesias da Cunha, L. (Coords.) (2004). *Xénero e educación*

Sistema de Avaliación

- social.Santiago de Compostela: Edicións Laiovento
- Leite, E. (2003). *Trabajo, calificación y formación: cuestiones de modernidad y la vulnerabilidad*. Cinterfor
- Maciá, L. (2000). *Orientación laboral en la formación ocupacional*. Córdoba: Ediciones Gráficas Vistaalegre
- Rodríguez Moreno, M. L. (2003). *Cómo orientar hacia la construcción del proyecto profesional. Autonomía individual, sistema de valores e identidad laboral de los jóvenes*. Bilbao: Editorial Desclée de Brouwer.
- Rodríguez Moreno, M.L (2004) Orientación profesional desde la perspectiva no sexista. En Jato, E. e Iglesias da Cunha, L. (Coords.) (2004). *Xénero e educación social*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento(pás: 183-221)
- Sarriera, J.C. , Rocha, ,K.B. e Pizzinato, A.(2004). *Desafios do mundo do traballo: orientación, inserção e mudanzas*. Porto Alegre: EDIPUCRS